



IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| | | | |
|-------------------|----------------------------|--------------|-----------|
| Materia | LINGUA GALEGA E LITERATURA | Nivel | 2º ESO |
| Profesor/a | IOLANDA VILA LAGE | Curso | 2021-2022 |

OBXECTIVOS e CONTIDOS

| | OBXECTIVOS | CONTIDOS* |
|---------------|--|---|
| 1ª AVA | <ul style="list-style-type: none"> • Ampliar o coñecemento do vocabulario. • Traballar a produción de textos respectando a coherencia e a cohesión. • Coñecer as relacións de significado das palabras. • Recoñecer a estrutura das palabras. • Escribir con corrección ortográfica • Recoñecer as diferentes categorías gramaticais. • Participar en conversas e debates organizados respectando as quendas de intervención. • Diferenciar os distintos xéneros literarios • Coñecer e diferenciar as linguas minoritarias e as linguas minorizadas. | <p>4 primeiras unidades do libro de texto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lingua e texto: Propiedades textuais :adecuación, coherencia, cohesión, Estrutura narrativa. -Léxico: Aspecto físico / Significado denotativo e significado connotativo. Sentimentos e estados de ánimo. Roupa e calzado / Polisemia e homonimia. Cuartos da casa (I): cociña e sala -Gramática: A palabra e a súa estrutura. categorías gramaticais: Substantivo e Adxectivo. -Expresión oral: Presentar unha persoa. Saudar e despedirse. Dar os parabéns e agradecer. Expresar sorpresa e incredulidade. - Ortografía: Alfabeto: letras e dígrafos.Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato. Acentuación: regras xerais. Ditongos, tritongos e hiatos; diérese. -Literatura: Orixes da literatura. Xéneros literarios. Literatura electrónica. Subxéneros líricos: canción e oda. -Técnicas de traballo / Lingua e sociedade: Biblioteca virtual. Linguas minoritarias e minorizadas. Gráfica. Lusofonía. |
| | OBXECTIVOS | CONTIDOS |

| | | |
|----------------------|--|---|
| <p>2ª AVA</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Ampliar o coñecemento do vocabulario. • Construír diferentes tipos de textos: descrições, narracións... • Diferenciar as distintas categorías gramaticais e recoñecelas nun texto • Traballar a colocación do pronome átono.. • Expresarse oralmente con corrección. • Poder escribir con corrección ortográfica e puntuación correcta. • Reflexionar sobre a situación social do galego. • Coñecer os subxéneros narrativos e dramáticos. • Coñecer a situación legal das linguas do Estado español. • Valorar o normalización da lingua galega. | <p>Da unidade 5 á unidade 8:</p> <p>-Expresión escrita: Relato policial. Folla de reclamación. Entrada dunha enciclopedia en liña.</p> <p>-Lingua e texto: Estrutura descritiva. Estrutura persuasivo-argumentativa. Estrutura expositivo-explicativa. Estrutura obrigativo-instrucional.</p> <p>-Léxico: Xogos / Sinonimia. Cuartos da casa: cuarto de baño. Informática / Antonimia. Oficios.</p> <p>Gramática: artigo, demostrativo e posesivo. Identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo. Pronome persoal. Verbo (I): tempo, modo, número e persoa verbais; formas infinitas.</p> <p>-Expresión oral: Describir. Mudar de tema. Persuadir. Expresar coincidencia e indiferenza</p> <p>-Ortografía: acentuación diacrítica. Puntuación : punto, vírgula e punto e vírgula; dous puntos, puntos suspensivos e sinais de interrogación e de exclamación; parénteses e aspas.</p> <p>-Literatura: Subx. narrativos: conto, novela, lenda e fábula. Subx. dramáticos: comedia e traxedia.</p> <p>-Técnicas de traballo / Lingua e sociedade: Presentación de diapositivas. Situación legal das linguas do Estado español. Cadro sinóptico. Normalización lingüística.</p> |
| OBXECTIVOS | | CONTIDOS |
| <p>3ª AVA</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Ampliar o coñecemento do vocabulario. • Traballar a comprensión e a análise textual. • Producir con corrección textos expositivos e argumentativos. • Ler de maneira comprensiva textos xornalísticos de opinión e textos informativos. • Coñecer a conjugación verbal de verbos regulares e irregulares. • Utilizar con corrección a ortografía e os signos de puntuación. • Coñecer os subxéneros didácticos: o ensaio • Respectar as variedades dialectais do galego • Saber utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa. • Rexeitar os prexuízos lingüísticos. | <p>Da unidade 9 á 12:</p> <p>-Expresión escrita: Receita. Monólogo. Guión audiovisual. Soneto.</p> <p>-Lingua e texto: Estruturas dialogada e monologada. Portada dun xornal. Textos xornalísticos informativos. Textos xornalísticos de opinión: artigo de opinión e editorial.</p> <p>-Léxico: Saúde / Hiponimia, hiperonimia e cohiponimia. Paisaxe marítima. Animais.</p> <p>-Gramática: verbos regulares e semirregulares. Verbos irregulares; perífrase verbal; voz verbal. Adverbio, preposición e conxunción. Frase: funcións sintácticas e tipos.</p> <p>-Expresión oral: Pór exemplos. Pedir e facer aclaracións. Pór condicións. Calmar o/a interlocutor/a.</p> <p>-Ortografía: Uso de b e v. Uso de h. Uso de s/x. Grupos consonánticos.</p> <p>-Literatura: Subxéneros didácticos: ensaio. Literatura e cinema. Literatura e videoxogos.</p> <p>-Técnicas de traballo / Lingua e sociedade: Póster multimedia. Variedades lingüísticas. Mapa conceptual. Preconceptos lingüísticos</p> |

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES

| | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | MÍNIMOS ESIXIBLES |
|--|--|---|---|
| <p style="text-align: center;">1ª AVA</p> | <ul style="list-style-type: none"> a. Le textos narrativos de forma comprensiva. Identifica as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas... tendo en conta a corrección lingüística e a presentación coidada. b. Reflexiona sobre os temas que tratan os textos de lectura. c. Diferenza as categorías gramaticais. Identifica o Substantivo (xénero e núm). Identifica o Adxectivo d. Exprésase con corrección e fluidez de maneira oral e. Recoñece o léxico referido ao corpo humano, á roupa e calzado e aos cuartos da casa. f. Manexa a orde alfabética das palabras, recoñecendo letras e dígrafos g. Diferenza as sílabas, ditongo, tritongo e hiato h. Coñece e aplica as regras de acentuación i. Diferenza os xéneros literarios e recoñece os recursos estilísticos j. Manexa o dicionario con destreza e procura definicións k. Sabe empregar a biblioteca virtual. l. Comprende e diferenza linguas minoritarias e minorizadas. | <ul style="list-style-type: none"> - Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). - Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas - Identifica a idea principal e as secundarias - Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias) - Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto - Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes - Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. - Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. - Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. - Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos Textos literarios. | <ul style="list-style-type: none"> a) Ler textos narrativos comprensivamente e identificar as ideas principais dun texto narrativo. b) Identificar substantivos e adxectivos, flexionando o xénero e o número. c) Recoñecer o léxico referido ao corpo humano, á roupa, calzado e aos cuartos da casa. d) Manexar a orde alfabética das palabras, recoñecendo letras e dígrafos. e) Diferenciar as sílabas, ditongos, tritongos e hiato e coñecer e aplicar as regras de acentuación. f) Diferenciar os xéneros literarios. g) Saber empregar a biblioteca virtual h) Coñecer e comprender a diferenza entre lingua minoritaria e minorizada. |

2ª AVA

- a) Reflexiona sobre os temas tratados nas lecturas
- b) Pode elaborar un relato policial, unha folla de reclamación ou unha entrada dunha enciclopedia en liña.
- c) Recoñece e manexa o léxico referido aos xogos, aos cuartos da casa e aos oficios.
- d) Diferenza as categorías gramaticais. Recoñece e coloca con corrección o pronome persoal tónico e átono
- e) Identifica e emprega correctamente o artigo, o demostrativo, posesivo, identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo
- f) Identifica os verbos nun texto e coñece o tempo, o modo, número e persoa.
- g) Exprésase con corrección e fluidez de maneira oral
- h) Sabe utilizar correctamente a acentuación diacrítica
- i) Elabora textos usando unha puntuación correcta
- j) Recoñece os diferentes subxéneros narrativos (conto, novela, lenda e fábula) e os dramáticos (comedia e traxedia)
- k) Coñece e respecta a diversidade de linguas da Península Ibérica, así como a súa situación legal. Coñece o significado da importancia da normalización lingüística.
- l) Sabe facer un cadro sinóptico.

- Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto
- Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto
- Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural
- Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local
- Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

- Elaborar textos narrativos e follas de reclamación con corrección sintáctica e ortográfica.
- Manexar o léxico referido aos xogos, aos cuartos da casa e aos oficios.
- Recoñecer e colocar correctamente o pronome persoal.
- Identificar o artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, numeral, relativo, interrogativo...
- Recoñecer os verbos nun texto e coñecer a súa conxugación.
- Utilizar correctamente a acentuación diacrítica.
- Coñecer os diferentes subxéneros narrativos e dramáticos.
- Coñecer e respectar a diversidade lingüística da península Ibérica e a situación legal das linguas.
- Elaborar cadros sinópticos.

3ª AVA

| | | |
|--|--|---|
| <p>a) Elabora receitas de cociña, monólogos e guións audiovisuais.</p> <p>b) Coñece as estruturas dialogadas e monologadas.</p> <p>c) Identifica e comprende textos xornalísticos informativos e textos de opinión.</p> <p>d) Manexa o léxico da saúde, paisaxe marítima e os animais.</p> <p>e) Recoñece a hiponimia, hiperonimia e cohiponimia.</p> <p>f) Recoñece e conxuga verbos regulares e irregulares, así como perífrases verbais.</p> <p>g) Identifica adverbios, preposicións e conxuncións</p> <p>h) Identifica as diferentes funcións sintácticas.</p> <p>i) Utiliza correctamente b/v; h; s/x.</p> <p>j) Recoñece os diferentes subxéneros didácticos.</p> <p>k) Coñece e emprega correctamente as diferentes variedades lingüísticas.</p> <p>l) Coñece e rexeita os prexuízos lingüísticos.</p> | <p>-Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.</p> <p>- Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias)</p> <p>- Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.</p> <p>- Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno</p> <p>- Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego.</p> <p>- Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerxa estudantil.</p> <p>- Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.</p> <p>- Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona</p> <p>- Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</p> <p>- Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</p> | <p>- Elaborar receitas de cociña, monólogos e guións audiovisuais.</p> <p>- Coñecer as estruturas dialogadas e monologadas.</p> <p>- Identificar e comprender textos xornalísticos informativos e textos de opinión.</p> <p>- Manexar o léxico da saúde, paisaxe marítima e os animais.</p> <p>- Recoñece a hiponimia, hiperonimia e cohiponimia.</p> <p>- Recoñecer e conxugar verbos regulares e irregulares, así como perífrases verbais.</p> <p>- Identificar adverbios, preposicións e conxuncións</p> <p>- Identificar as diferentes funcións sintácticas.</p> <p>- Utilizar correctamente b/v; h; s/x.</p> <p>- Recoñecer os diferentes subxéneros didácticos.</p> <p>- Coñecer e empregar correctamente as diferentes variedades lingüísticas.</p> <p>- Coñecer e rexeitar os prexuízos lingüísticos.</p> |
|--|--|---|

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| | |
|---|-----|
| Probas obxectivas escritas (exame da parte teórico-gramatical) | 70% |
| Lectura obrigatoria | 20% |
| Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude* | 10% |

*Aínda que a valoración da actitude do alumno ten una compoñente subxectiva alta, imos tratar de medila dun xeito o máis obxectivo posíbel. Neste apartado, e en función das notas tomadas polo profesor/a da materia, este valorará, como mínimo, o traballo realizado polos alumnos na aula e no traballo que o profesor indica que debe facerse na casa (tamén se pode valorar, a criterio do profesor, a orde e pulcritude do caderno da materia e calquera outro ítem capaz de ser valorado dun xeito minimamente obxectivo). O/A profesor/a da materia informará aos seus alumnos ao comezar o curso.

PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN

En cada unha das avaliacións realizaranse, cando menos, dúas probas obxectivas escritas sobre os contidos sinalados, que se repartirán do seguinte xeito:

1ª av - 1ª proba: finais de outubro, comezos de novembro; 2ª proba: antes das vacacións de Nadal.

2ª av - 1ª proba: finais de febreiro, comezos de marzo; 2ª proba: antes das vacacións de Semana Santa.

3ª av - 1ª proba: finais de abril, comezos de maio; 2ª proba: antes das vacacións de verán.

Despois de cada una das avaliacións haberá una proba escrita para que aqueles alumnos que non acadasen una avaliación positiva poidan recuperala.